

## Concello de Ponteareas

### ANUNCIO

D. Xosé Represas Giráldez, alcalde do Concello de Ponteareas aprobou Resolución de data 28 de novembro de 2019, co número 2019-4212, co seguinte literal:

*"-Visto que por Resolución de Alcaldía, 2019-1709 do 10 de xuño de 2019, aprobouse a convocatoria para a concesión de subvencións municipais en réxime de concorrencia competitiva ás comunidades de usuarios de augas de consumo do Concello de Ponteareas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2019.*

*-Visto o Decreto 2019-2960 de data 3 de setembro de 2019, mediante o cal se aproba a relación definitiva das solicitudes coa puntuación obtida de acordo cos criterios establecidos nas Bases Reguladoras para a Subvención en réxime de concorrencia competitiva Ás Comunidades de Usuarios de Augas de consumo do Concello de Ponteareas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2019.*

*-Visto que nas Bases Reguladoras no Artigo 13.2. Xustificación de Pagamento. establécese que As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata o 30 de novembro de 2019.*

*-De conformidade co artigo 32 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

### RESOLVO

**PRIMEIRO:** Ampliar o prazo 5 días hábiles para que as entidades beneficiarias poidan executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados. Quedando establecido ata o día 10 de decembro de 2019.

**SEGUNDO.** Notificar a presente resolución a os interesados mediante publicación na sede electrónica do Concello de Ponteareas, <http://ponteareas.sedelectronica.gal> e na páxina Web: [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal).

**TERCEIRO.** Trasladar este acordó os departamentos de Intervención e Tesourería.





## Concello de Ponteareas

---

**RECURSOS.-** *A presente Resolución non é susceptible de recurso, tal como se establece no artigo 32 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”*

O Alcalde, Xosé Represas Giráldez  
(Documento asinado electronicamente)

---

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Cod. Validación: Q9SP27S6WM3HS4LHHADLSZ9GK | Corrección: <http://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2